

A CIG-Servizos denuncia que o Pazo de Congressos está, desde o 1 de abril, sen servizo de seguridade



[1]

A CIG-SERVIZOS vén de denunciar que o Pazo de Congressos e Exposicións de Galiza non ten servizo de seguridade desde o día 1 de abril. A federación lembra que hai aproximadamente un mes o Pazo de Congressos prescindiu tamén do servizo de limpeza. Un conflito que segue vixente a día de hoxe, e para o que non se ten adoptado medida algunha, o que ten provocado un empeoramento da situación.

03/4/13.

Desde o 1 de abril a empresa adxudicataria do servizo de seguridade do Pazo de Congressos, *Security World*, decidiu darlle vacacións aos catro vixilantes que se facían cargo do servizo, polo que desde ese momento non hai ninguén que se encargue da súa seguridade.

Todo apunta a que a mala situación da empresa que xestiona o Pazo, *Atlántico de Congressos*, que consta que solicitou concurso voluntario de acredores a mediados do mes pasado, pode ser o detonante desta situación.

O conflito da limpeza supuxo o despedimento de 3 traballadoras, das cales a CIG segue a reclamar que sexan readmitidas, e agora son 4 traballadores máis os que non teñen claro o seu futuro.

O Consorcio de Santiago, e nomeadamente o seu Presidente “debe tomar cartas no asunto, e desta vez ten que facelo urxente e drasticamente, rescindindo o contrato coa empresa xestora do Pazo e asumindo a xestión desta instalación”, reclama a CIG-Servizos.

Lembra que cando saltou o conflito da limpeza do Pazo, o Consorcio afirmou que rescindiría o contrato en canto houbo un incumprimento o cal neste momento “é flagrante e debe conlevar a rescisión inmediata do contrato”.

A CIG-Servizos demanda o mantemento dos postos de traballo no servizo de seguridade e a recuperación dos que se perderon na limpeza. “Seguiremos a reivindicalo e non desbotamos dirixir as nosas protestas contra o Consorcio de Santiago a quen, en todo caso, identificamos como responsable desta situación”, advirten desde a federación.

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>